



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC01	Educación infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0011	Didáctica da educación infantil	2025/2026	0	240	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CRISTINA VARELA OTERO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Contextualiza a intervención educativa en relación co marco lexislativo e os fins da institución.
RA2 - Determina os obxectivos da intervención educativa en relación cos niveis de planificación, os elementos que a compoñen e os criterios de formulación, nos ámbitos formais e non formais.
RA3 - Determina as estratexias metodolóxicas que se deben aplicar consonte os modelos psicopedagóxicos.
RA4 - Determina e organiza os recursos materiais e persoais, os espazos e os tempos, consonte a normativa legal e aplicando criterios pedagóxicos na intervención educativa na infancia.
RA6 - Deseña a avaliación dos procesos de intervención e argumenta a selección do modelo, as estratexias, as técnicas e os instrumentos utilizados.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identificouse a información sobre o contorno social, económico e cultural que é útil para a intervención.
CA1.2 Analizouse a lexislación autonómica, estatal e europea en relación aos servizos educativos de atención á infancia.
CA1.3 Analizouse a lexislación sobre normalización lingüística.
CA1.4 Identificáronse propostas de educación infantil propias da realidade galega.
CA1.5 Comparáronse os tipos de centros e programas de educación formal e non formal.
CA1.6 Definíronse as características, os obxectivos, a organización e o tipo de funcionamento dunha escola infantil.
CA1.7 Describíronse as características, os obxectivos, a organización e o tipo de funcionamento dunha institución de educación non formal.



Criterios de avaliación do currículo
CA1.8 Valorouse a actividade profesional das persoas coa titulación de técnico de educación infantil no contexto da intervención educativa.
CA2.1 Identificáronse os elementos dun currículo.
CA2.3 Analizáronse os elementos do currículo de educación infantil.
CA2.4 Descríbóronse as bases en que se apoia o currículo da educación Infantil.
CA2.5 Identificáronse os niveis de concreción curricular.
CA2.6 Identificáronse os niveis de planificación dunha actividade de educación non formal: plan, programa e proxecto.
CA3.1 Identificáronse os modelos didácticos específicos da educación infantil.
CA3.3 Analizáronse os principios psicopedagóxicos dos modelos máis recentes en relación coa educación formal de educación infantil.
CA4.1 Identificáronse os materiais didácticos, os espazos e os tempos de acordo coa intervención educativa.
CA4.2 Describiuse a normativa que regula o uso de espazos, recursos e tempos no ámbito formal e non formal, segundo o marco autonómico e estatal.
CA4.3 Definiuse a organización do tempo e do espazo como recurso didáctico.
CA6.1 Identificáronse os modelos de avaliación.
CA6.2 Definíronse as estratexias e as técnicas de avaliación, tendo en conta a planificación e os momentos da intervención.
CA6.8 Identificáronse os recursos para a formación permanente do persoal educador.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Contextualiza a intervención educativa en relación co marco lexislativo e os fins da institución.



ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA2 - Determina os obxectivos da intervención educativa en relación cos niveis de planificación, os elementos que a compoñen e os criterios de formulación, nos ámbitos formais e non formais.
RA3 - Determina as estratexias metodolóxicas que se deben aplicar consonte os modelos psicopedagóxicos.
RA4 - Determina e organiza os recursos materiais e persoais, os espazos e os tempos, consonte a normativa legal e aplicando criterios pedagóxicos na intervención educativa na infancia.
RA5 - Planifica as actividades de educación formal e non formal en relación cos obxectivos da programación e coas características dos cativos e das cativas.
RA6 - Deseña a avaliación dos procesos de intervención e argumenta a selección do modelo, as estratexias, as técnicas e os instrumentos utilizados.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.9 Utilizáronse novas tecnoloxías como fonte de información e valorouse o seu uso.
CA1.10 Amosouse iniciativa e disposición ante novas situacións da profesión.
CA2.2 Identificáronse os elementos dun proxecto de intervención educativa non formal.
CA2.7 Comparáronse documentos de planificación de tipos de institución nos ámbitos formal e non formal.
CA2.8 Seleccionáronse obxectivos e contidos partindo do marco curricular, do plan ou do programa, así como das características dos cativos e das cativas, para conseguir o desenvolvemento das súas capacidades individuais.
CA2.9 Valorouse a importancia da planificación no proceso de intervención educativa.
CA3.2 Interpretáronse os fundamentos dos modelos de atención á infancia.
CA3.4 Comparáronse experiencias educativas salientables para definir a propia intervención educativa.
CA3.5 Integráronse os temas transversais na elaboración de unidades didácticas.
CA3.5.1 Integráronse os temas transversais na elaboración de propostas pedagóxicas
CA3.6 Seleccionáronse criterios metodolóxicos conforme os obxectivos da institución, o marco curricular, e as necesidades e os intereses dos cativos e das cativas.



ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
CA3.7 Deseñáronse as adaptacións curriculares tendo en conta as recomendacións das entidades e do persoal profesional implicado, así como a información obtida.
CA3.8 Valorouse a participación nas actividades en equipo, o contraste de opinións e o intercambio de experiencias.
CA4.4 Recoñeceuse e valorouse a necesidade de organizar as tarefas.
CA4.5 Analizáronse os modelos de agrupamento de acordo co número de participantes, a idade, a metodoloxía e a programación prevista.
CA4.6 Analizáronse os espazos, os materiais didácticos e a moblaxe, e comprobouse o cumprimento das normas de seguridade e hixiene, así como as condicións de accesibilidade.
CA4.7 Seleccionáronse materiais didácticos e didáctico-interactivos acaídos para os obxectivos, os contidos e os criterios metodolóxicos.
CA4.8 Establecéronse os espazos, os materiais, os recursos humanos e os tempos tendo en conta a idade, o número de nenos e nenas e, de ser o caso, as necesidades educativas especiais.
CA4.9 Responsabilizouse da importancia de xerar contornos seguros.
CA5.1 Relacionáronse as actividades cos obxectivos, os contidos, a metodoloxía e as necesidades individuais dos cativos e das cativas.
CA5.2 Integráronse os temas transversais nas actividades programadas.
CA5.3 Deseñáronse actividades para o tratamento da atención á diversidade e a compensación de desigualdades sociais.
CA5.4 Identificáronse dificultades e propuxéronse solucións viables.
CA5.5 Elaboráronse adaptacións curriculares en función das características individuais e das necesidades específicas de apoio educativo aos grupos destinatarios.
CA5.6 Analizáronse adaptacións curriculares en relación a supostos de necesidades educativas especiais permanentes ou temporais.
CA5.7 Valorouse a coherencia da planificación das actividades de educación formal e non formal respecto aos obxectivos da programación.
CA6.3 Seleccionáronse as estratexias e as técnicas de avaliación en varios momentos ao longo do proceso de intervención.
CA6.4 Deseñáronse as actividades de avaliación tendo en conta os criterios e os procedementos establecidos dentro do marco curricular, no caso da educación formal, e do plan ou programa, no caso da educación non formal.
CA6.5 Establecéronse indicadores de avaliación en varios momentos do proceso de intervención, para valorar a adecuación dos obxectivos e dos criterios metodolóxicos, a selección e a secuencia dos contidos e das actividades, así como a funcionalidade e a adecuac



Criterios de avaliación do currículo

CA6.6 Valorouse a importancia da avaliación en cada momento do proceso.

CA6.7 Valorouse a importancia de manter unha actitude permanente de mellora na eficacia e na calidade do servizo.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles son aqueles criterios de avaliación (CA) que se consideran indispensables para a superación do módulo, e están directamente relacionados cos resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación, e contidos, recollidos no currículo. Para acadar a avaliación positiva no módulo de Didáctica da Educación Infantil, consideraranse, mínimos esixibles, todos os criterios de avaliación recollidos no punto 2 desta programación, que permitan a consecución dos seguintes resultados de aprendizaxe:

RA1 - Contextualiza a intervención educativa en relación co marco lexislativo e os fins da institución.

RA2 - Determina os obxectivos da intervención educativa en relación cos niveis de planificación, os elementos que a compoñen e os criterios de formulación, nos ámbitos formais e non formais.

RA3 - Determina as estratexias metodolóxicas que se deben aplicar consonte os modelos psicopedagóxicos.

RA4 - Determina e organiza os recursos materiais e persoais, os espazos e os tempos, consonte a normativa legal e aplicando criterios pedagóxicos na intervención educativa na infancia.

RA5 - Planifica as actividades de educación formal e non formal en relación cos obxectivos da programación e coas características dos cativos e das cativas.

RA6 - Deseña a avaliación dos procesos de intervención e argumenta a selección do modelo, as estratexias, as técnicas e os instrumentos utilizados.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe de cada módulo profesional levarase a cabo a través da realización dunha proba que consta de dúas partes, tal e como se indica no artigo 13 da Orde do 5 de abril de 2013, pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnica superior de ciclos formativos de formación profesional. Estas dúas probas permitirán evidenciar, baseándose nos criterios de avaliación correspondentes, se a persoa aspirante alcanzou os resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo profesional.



No apartado 4 desta programación recóllense as particularidades de cada proba con maior detalle, pero de xeito xeral, os criterios de avaliación serán os que seguen neste apartado:

PRIMEIRA PARTE DA PROBA: PARTE TEÓRICA

Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

SEGUNDA PARTE DA PROBA: PARTE PRÁCTICA

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

CUALIFICACIÓN DO MÓDULO

A cualificación final correspondente á proba do módulo profesional será numérica, entre un e dez puntos, sen decimais. Obterase da media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes (primeira e segunda), expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima, entendendo como a inmediatamente superior se o decimal é igual ou superior a 5 puntos, e inferior no resto dos casos. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Non se realizará media entre partes aprobadas e partes suspensas.

ASPECTOS XERAIS A TER EN CONTA

*Será imprescindible a claridade na escritura e na redacción, de non entenderse o escrito, ou existir marcas pouco claras ou confusas, non se avaliará.

*En cada proba, especificaranse todos os aspectos necesarios para a súa realización, así como a puntuación de cada cuestión, e particularidades ó respecto.

*Terase en conta toda a normativa específica en materia de educación infantil en Galicia, así como a normativa Estatal, e calquera outra implicada no módulo de didáctica da educación. Cando a normativa entre en conflito con algún dos criterios do módulo, por ser esta máis antiga, sempre se terá en conta a normativa máis actual, ata a data de publicación desta programación.

*Tamén se terá en conta bibliografía actualizada na materia.



*É imprescindible, neste módulo, estar ó día en materia de metodoloxías, pedagogías, bibliografía e normativa. Facer propostas pedagóxicas desactualizadas, ou contrarias á normativa será cualificado negativamente.

*A proba poderá ser contestada en calquera das dúas linguas oficiais (sen mesturar ambas), e solucionarase calquera dúbida neste eido. A lingua vehicular do módulo neste curso escolar, é o galego.

*Será imprescindible demostrar a identidade a través dun documento oficial (DNI, carnet de conducir...), para acceder ás proba.

*Non se permitirá o acceso pasados 10 minutos do inicio.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, se cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

Algúns dos libros que se empregan no módulo, e que poden servir de referencias bibliográficas:

*Antón, M. (Coord.), y Fusté, S. (2010). Planificar la etapa 0-6: Compromiso de sus agentes y práctica cotidiana. Graó.

*Asociación Nacional de Educación en la Naturaleza [Edna]. (2020). Guía de escuelas en la naturaleza: Información práctica sobre la vida y organización de experiencias educativas en la naturaleza en España. Octaedro

*Carbonell, J. (2015). Pedagogías del siglo XXI: Alternativas para la innovación educativa. Octaedro.

*Carlgrén, F. (2012). Una educación hacia la libertad: La pedagogía de Rudolf Steiner: Informes del Movimiento Internacional de las Escuelas Waldorf (M. L. Varillas, Trad.). Editorial Rudolf Steiner.

*Falk, J. (Ed.). (2018). Lóczy, educación infantil. Octaedro.

*Freinet, C. (2018). As técnicas Freinet na escola moderna (J. C. Bermejo, Trad.). Kalandraka.

*Freire, H. (Coord.). (2020). Patios vivos para renaturalizar la escuela. Octaedro.

*García-Manso, A. (2017). Otra educación ya es posible: Una introducción a las pedagogías alternativas. Litera Libros.

*Hoyuelos, A. (2020). La documentación pedagógica. Octaedro.

*Hueso, K. (2021). Educar en la naturaleza: Mejores personas para un planeta mejor. Plataforma Editorial.

*L'Ecuyer, C. (2012). Educar en el asombro.

*Malaguzzi, L. (2011). La educación infantil en Reggio Emilia. Octaedro.

*Meire, J. (2019). Patios vivos. Kalandraka.

*Montessori, M. (2019). Educación para un mundo novo (J. C. Bermejo, Trad.). Kalandraka.

*Pikler, E. (1984). Moverse en libertad: Desarrollo de la motricidad global. Narcea

*Vecchi, V. (2013). Arte y creatividad en Reggio Emilia: El papel de los talleres en la educación infantil y sus posibilidades (P. Manzano, Trad.). Octaedro.

*Wagnon, S. (2020). Las pedagogías alternativas: Montessori, Freinet, Decroly, Steiner y otras corrientes que revolucionaron la educación (J. Terré, Trad.). Octaedro.

*Zavalloni, G. (2011). La pedagogía del caracol: Por una escuela lenta y no violenta (P. Manzano, Trad.). Graó.



Non se recomenda revisar unicamente manuais do módulo.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Esta proba terá carácter eliminatorio sendo necesario obter unha puntuación global da proba igual ou superior a 5 puntos para superala e poder realizar a segunda parte da proba.

Dita proba poderá contar con preguntas tipo test, preguntas de desenvolver, de resposta curta, moi curta ou exacta, de completar e/ou de verdadeiro ou falso. A proba poderá estar constituída por un único tipo de preguntas, ou por ou por varios tipos (por exemplo, un apartado de cuestións tipo test, un apartado de preguntas de completar e/ou un apartado de verdadeiro ou falso).

En calquera caso:

- Nas cuestións "tipo test": penalizaranse as respostas incorrectas, de xeito que se descontará unha resposta correcta por cada tres respostas incorrectas. Non descontarán as preguntas non contestadas. Contarase con preguntas de reserva, que haberá que responder, e que se terán en conta por orde, no caso de detectarse, durante a realización da proba, algún erro nas cuestións orixinais.
- Nas preguntas de resposta "verdadeira ou falsa", será preciso xustificar aquelas que se indiquen como falsas, dando a opción que se considere correcta.
- Nas preguntas de resposta curta, haberá que explicar de xeito breve, concreto e conciso a cuestión que se requira, xa que o espazo estará limitado.

Na proba especificaranse todos os aspectos necesarios para o seu desenvolvemento, así como a puntuación de cada apartado ou pregunta.

Cualificarase de cero a dez puntos, con un máximo de dous decimais. Será preciso obter unha nota igual ou superior a 5 puntos para considerala como superada. Non se aplica ningún tipo de redondeo nesta parte da proba, pero de ser precisa unha nota enteira, redondearase a nota máis próxima. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Durante a proba:

- *Non se permitirá a entrada pasados 10 minutos do inicio da proba. O persoal aspirante que inicie a proba deberá permanecer na aula ata pasados 15 minutos, e así o indique o profesor/a.
- *Sobre a mesa só deberán ter o seu documento de identificación, necesario, tamén, para acceder a aula na que se realizará a proba. Non accederá ningunha persoa sen identificar.
- *Pódense empregar unicamente bolígrafo con tinta negra ou azul. Non se poderán empregar recursos de corrección tipo "tipex". Recoméndase non empregar bolígrafos de tinta borrrable, xa que de borrarse todo o contido ou parte, non poderá ser cualificada a proba.
- *Está prohibido o emprego de móbiles ou calquera outro dispositivo de transmisión de información ou contacto con internet ou o exterior (como reloxos intelixentes). O uso deles será motivo de expulsión da proba. As orellas deberán estar descubertas.
- *Durante a proba, non se responderán preguntas que teñan que ver cos contidos do módulo obxecto de avaliación.



*Disporase dun tempo máximo de 120 minutos.

*Non se poderá retirar copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.

Outros aspectos a ter en conta:

*Será imprescindible a claridade na escritura e na redacción, de non entenderse o escrito, ou existir marcas pouco claras ou confusas, non se avaliará.

*Na proba especificaranse todos os aspectos necesarios para a súa realización, así como a puntuación de cada cuestión, e particularidades ó respecto.

*A proba poderá ser contestadas en calquera das dúas linguas oficiais na Comunidade (sen mesturar ambas), e solucionarase calquera dúbida neste eido.

*Será imprescindible a actualización en materia de educación infantil, para a superación deste módulo.

Tal e como establece o artigo 13.4 da ORDE do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional "Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero".

4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda parte que tamén terá carácter eliminatorio.

A segunda proba consistirá na realización de un ou varios supostos prácticos. Estes supostos prácticos poden consistir na elaboración de proxectos, propostas de intervención, programas ou calquera outro tipo de propostas que se traballen como parte dos contidos do módulo, ou ben contar con preguntas curtas ou a desenvolver sobre o suposto ou supostos presentados. En calquera dos casos, versarán sobre os criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte, e recollerán un mostra o suficientemente representativa dos mesmos. Na proba especificaranse todos os aspectos necesarios para o seu desenvolvemento, así como a puntuación de cada apartado ou pregunta.

Cualificarase de cero a dez puntos, con un máximo de dous decimais. Será preciso obter unha nota igual ou superior a 5 puntos para considerala como superada. Non se aplica ningún tipo de redondeo nesta parte da proba. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Durante a proba:

*Non se permitirá a entrada pasados 10 minutos do inicio da proba. O persoal aspirante que inicie a proba deberá permanecer na aula ata pasados 15 minutos, e así o indique o profesor/a.

*Sobre a mesa só deberán ter o seu documento de identificación, necesario, tamén, para acceder a aula na que se realizará a proba. Non accederá ningúnha persoa sen identificar.



*Pódense empregar unicamente bolígrafo con tinta negra ou azul. Non se poderán empregar recursos de corrección tipo "tipex". Recoméndase non empregar bolígrafos de tinta borrable, xa que de borrarse todo o contido ou parte, non poderá ser cualificada a proba.

*Está prohibido o emprego de móbiles ou calquera outro dispositivo de transmisión de información ou contacto con internet ou o exterior (como reloxs intelixentes). O uso deles será motivo de expulsión da proba. As orellas deberán estar descubertas.

*Durante a proba, non se responderán preguntas que teñan que ver cos contidos do módulo obxecto de avaliación.

*Disporase dun tempo máximo de 120 minutos. Non se poderá retirar copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.

Outros aspectos a ter en conta:

*Será imprescindible a claridade na escritura e na redacción, de non entenderse o escrito, ou existir marcas pouco claras ou confusas, non se avaliará.

*Será preciso referenciar bibliografía e autorías. É preciso xustificar as afirmacións que se realicen con datos reais, fiables e actualizados.

*Os contidos desenvolvidos polo alumno/a axustaranse aos enunciados das preguntas, tendo en conta a aplicación de aspectos teóricos aos exercicios prácticos.

*Empregarase unha linguaxe técnica, inclusiva e profesional, atendendo ós criterios do módulo.

*Será fundamental manter a coherencia pedagóxica nos diferentes apartados dos supostos prácticos, dende o respecto á infancia.

*A proba poderá ser contestadas en calquera das dúas linguas oficiais na Comunidade (sen mesturar ambas), e solucionarase calquera dúbida neste eido.

*Será imprescindible a actualización en materia de educación infantil, para a superación deste módulo.

Tal e como establece o artigo 13.4 da ORDE do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional "Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero".